



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tlfno: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

Dna. María del Pilar Darriba Muñoz, secretaria-interventora do Concello de A Fonsagrada (Lugo),

CERTIFICO:

Que con data 11.01.2018, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

Vista a providencia da alcaldía pola que se inician os trámites para levar a cabo a contratación do “Servizo de Axuda no Fogar do Concello de A Fonsagrada”.

Vista a proposta de prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), e do prego de prescricións técnicas (PTP).

Tendo en conta a natureza do obxecto do contrato e de acordo co establecido art. 5 e 10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), estamos diante dun contrato administrativo de servizos. A necesidade, de acordo co art. 22 do TRLCSP, ven xustificada na providencia da alcaldía.

Visto que o valor estimado do contrato como máximo ascende a 6.450.197,18 euros e cuxo prazo de duración será de catro anos con posibilidade de prorrogalo por outros dous máis (tendo en conta a modificación do contrato cun máximo do 20%), estímase procedente a contratación do referido servizo mediante procedemento aberto (art.157 TRLCSP) e tramitación ordinaria.

En concreto o orzamento de licitación (IVE incluído) ascende a contía de 3.583.442,88 euros, desagregados do seguinte xeito:

- Orzamento total de licitación: 3.583.442,88 euros
- Orzamento base: 3.438.972 euros
- IVE: 144.470,88,00 euros

En cumprimento da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, consta informe emitido pola secretaria-interventora municipal.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

Por todo o exposto, elévase ao Pleno, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de A Fonsagrada, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas, que rexerán a contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de contratación e tramitación ordinaria, para a licitación da contratación do Servizo de Axuda



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tlfno: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

no Fogar do Concello de A Fonsagrada, cun orzamento de licitación que ascende a un total de 3.583.442,88 euros.

Dispónse a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto e tramitación ordinaria.

Segundo.- Aprobar o gasto ao longo de catro anualidades polo importe total de tres millóns quinientos oitenta e tres mil catrocentos corenta e catro euros con oitenta e oito céntimos (3.583.442,88 €), de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Que se publique no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial de la Unión Europea e no perfil do contratante un anuncio de licitación, para que durante o prazo de 52 días os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes.

E para que conste e aos efectos oportunos, expido o presente certificado, co visto e prace do Sr. Alcalde, en A Fonsagrada, na data da sinatura electrónica ao marxe